



**Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se dictan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servicios de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.**

Co fin de asegura-la coherencia das accións orientadoras e de acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional regulada polo Decreto 120/1998, e ó abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, as Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, dictan as seguintes instrucións co fin de establece-las accións prioritarias para o desenvolvemento das actuacións dos servicios de orientación no ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.

**1.- Adscrición de centros ós departamentos de orientación**

A adscrición de centros educativos ós departamentos de orientación corresponde ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, previa proposta do Servicio de Inspección educativa. Dado que a rede de orientación foi adquirindo, ó longo destes últimos cursos, unha considerable estabilidade, entenderase que, de non recibir notificación expresa noutro sentido da Administración educativa, a adscrición no curso 2003-2004 será a vixente no pasado curso escolar 2002-2003. As modificacións que se produzan serán comunicadas polas Delegacións provinciais ós Servicios Centrais desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**2.- Criterios para unifica-las actuacións dos servicios de orientación**

*2.1.- Departamentos de orientación*

Os departamentos de orientación dos centros educativos, *debidamente constituídos*, partindo da análise das necesidades de cada contexto, elaborarán o seu plan anual conforme se establece no Decreto 120/1998 e abrangerán nel ó propio centro e ós adscritos. Na declaración do horario semanal do xefe do departamento de orientación deberase incluí-la temporalización prevista para realizar actividades de orientación nos centros adscritos. Así mesmo, o xefe do departamento de orientación entregará copia do plan ós directores destes últimos antes do 15 de outubro.



No plan anual dos departamentos de orientación atenderase ó seguimento do alumnado ó longo dos distintos niveis e etapas educativas que se impartan no propio centro e nos adscritos, prestando especial atención á coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e postobrigatoria.

Os equipos directivos promoverán que, con carácter preferente, entre os membros do departamento de orientación se inclúa profesorado con vinculación ás tarefas de titoría e de atención directa ó alumnado que reciba medidas específicas de atención á diversidade, na medida do posible, con destino definitivo no centro.

Desde a dirección do centro estableceranse as medidas organizativas que permitan a celebración da preceptiva reunión semanal dos membros do departamento de orientación destinados no centro. Así mesmo, promoverá e facilitará a celebración de reunións periódicas entre o xefe do departamento de orientación e os titores, por ciclos e/ou etapas, ás que tamén poderán asistir outros profesores.

Alomenos cada trimestre celebrarase, previa convocatoria formal da mesma, a preceptiva reunión de tódolos integrantes do departamento de orientación e nela realizarase o seguimento do plan de orientación e proporanse as modificacións que se consideren pertinentes para adecualo ás necesidades do contexto.

Os departamentos de orientación dos centros de educación secundaria que impartan ensinanzas de formación profesional específica ou programas de garantía social deberán planifica-lo desenvolvemento efectivo da orientación e da titoría ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, incluído o período de formación en centros de traballo, no que se deberá acentua-la relación entre os titores do centro e os titores das empresas que acollen a este alumnado na súa fase formativa. Así mesmo, de acordo coas directrices establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, deberanse planifica-las pertinentes actuacións para o seguimento durante a etapa de transición do sistema educativo ó mundo laboral. A comisión de coordinación pedagóxica aprobará as directrices que posibiliten un traballo colaborativo entre o departamento de orientación e o departamento de formación e orientación laboral.

A dirección dos centros de educación secundaria garantirá que durante o período de reserva de praza, inscrición e matriculación do alumnado se poidan atende-las demandas de información e orientación académico-profesional que se produzan.

No plan anual dos departamentos de orientación dos centros nos que se impartan ensinanzas de educación de persoas adultas ou que teñan adscritos centros de educación permanente de adultos farase efectiva a planificación de actividades específicas deseñadas para a poboación escolarizada neles, co fin de potencia-la súa formación ó longo da vida e ofrecerlle orientación educativa e profesional. Copia do mesmo será enviada ó director do centro público de EPA no prazo correspondente.

### *2.2.- Equipos de orientación específicos.*

Sen prexuízo das especialidades que os configuran, os equipos de orientación específicos desenvolverán as súas actuacións procurando acada-los principios de interdisciplinariedade e complementariedade, inherentes a toda actividade orientadora.



Será o seu inspector coordinador o encargado de aprobar e realiza-lo seguimento do plan anual do equipo e de arbitra-las medidas necesarias para que os departamentos de orientación da provincia coñezan as súas liñas básicas de actuación, así como o horario de permanencia na sede dos seus membros. Do mesmo xeito garantirá que os membros do equipo leven a cabo as necesarias actuacións de carácter presencial nos centros educativos.

Igualmente, correspóndelle ó inspector coordinador a aprobación da memoria anual que o equipo de orientación específico elaborará ó remate de cada ano académico. Remitirase copia tanto do plan anual como da memoria ós Servicios Centrais desta Consellería, co visto e prace do delegado provincial dentro dos prazos establecidos na lexislación vixente.

As intervencións dos membros dos equipos de orientación específicos levaranse a cabo de acordo co establecido no artigo 24º da Orde do 24 de xullo de 1998. Así mesmo, a inspección educativa, a través do inspector coordinador do equipo, poderá requeri-la súa intervención en materia de necesidades educativas específicas naqueles centros privados concertados que non posúan servicios de orientación ou naqueloutros casos que se considere necesario.

As demandas de carácter xeral que se produzan e aqueloutras ligadas á ausencia temporal dun especialista, serán asumidas polos restantes compoñentes do equipo.

### **3.- Liñas prioritarias de actuación dos servicios de orientación**

#### *3.1.- Con carácter xeral*

Sen prexuízo das funcións establecidas na normativa vixente para os respectivos servicios de orientación desta Comunidade, así como nos proxectos educativo e curricular de cada centro, durante o curso 2003-2004 as actuacións dos ditos servicios enmarcaranse dentro dos seguintes ámbitos xerais:

- A atención á diversidade, especialmente no que se refire á atención a alumnado con necesidades educativas específicas.
- A convivencia no marco da formación de cidadáns responsables, autónomos e participativos.
- A motivación pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.
- O asesoramento e a orientación profesional na formación ó longo da vida.

#### *3.2.- Departamentos de orientación.*

Os departamentos de orientación priorizarán para o curso 2003-2004 as seguintes actuacións:

- Diseñar, en colaboración cos equipos de orientación específicos, accións de atención temperá que proporcionen respostas educativas apropiadas e adaptadas de carácter preventivo e compensador ás necesidades educativas específicas: alumnado con



sobredotación intelectual, alumnado procedente do estranxeiro e con necesidades educativas especiais.

- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización, e realiza-las avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.
- Participar no deseño e colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para o alumnado procedente do estranxeiro, dirixidos tanto ó coñecemento da lingua e da cultura como a actuar sobre as súas posibles carencias de coñecementos básicos.
- Deseñar, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianza-lo sentido do traballo en equipo, a valoración das aportacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
- Colaborar cos departamentos didácticos e cos equipos docentes para que se fomente a valoración do esforzo no traballo e se potencie a aprendizaxe das áreas ou materias que por teren carácter instrumental van facilita-la adquisición doutros contidos curriculares.
- Deseñar e levar a cabo accións específicas que faciliten a transición do sistema educativo ó mundo laboral, con especial atención ó alumnado con necesidades educativas específicas.
- Ofrecer información ó alumnado do centro sobre itinerarios formativo-profesionais, a través da organización de xornadas nas que participen os membros da comunidade educativa do centro, ou, de ser posible, outros centros educativos da zona, para dar a coñece-la oferta educativa e as perspectivas de inserción laboral a un maior número de persoas.
- Realiza-lo estudio do seguimento do alumnado que rematou ciclos formativos de formación profesional ou programas de garantía social no curso 2001-2002. Nesta acción deberá colabora-lo profesorado de formación e orientación laboral, os titores dos ciclos formativos, os coordinadores da formación en centros de traballo, así como os especialistas de orientación profesional dos equipos de orientación específicos.
- Participar nas accións que se leven a cabo, no marco do Plan Galego de Formación Profesional, para o desenvolvemento do sistema integrado de cualificación, formación e orientación profesional, en particular mediante a colaboración cos orientadores laborais.
- Emprega-las tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

### *3.3.- Equipos de orientación específicos.*

Os equipos de orientación específicos priorizarán para o curso 2003-2004 as seguintes actuacións:



- Colaborar na detección e identificación temperá das necesidades educativas específicas co fin de establece-las medidas e recursos necesarios para a prevención e intervención especializada, en particular na elaboración de materiais de cara á avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización.
- Colaborar e asesorar ós departamentos de orientación no relativo ó alumnado con necesidades educativas específicas, así como ó profesorado que o atende.
- Impulsa-la participación do profesorado que atende a alumnado con necesidades educativas específicas en programas de investigación e innovación educativa no ámbito da integración.
- Proporcionar ós centros educativos pautas para desenvolver no Plan de Acción Titorial intervencións coherentes e sistemáticas sobre a mellora da convivencia escolar.
- Ofrecer apoio no ámbito da orientación profesional, especialmente mediante a colaboración nas seguintes accións: recollida de datos sobre a inserción laboral do alumnado, pautas para a elaboración do consello orientador, información e asesoramento sobre itinerarios formativo-profesionais, unificación dos subsistemas de formación profesional.
- Apoiar ós departamentos de orientación na planificación e desenvolvemento de accións dirixidas a facilita-la transición ó mundo laboral, en particular do alumnado con necesidades educativas específicas.
- Fomenta-la colaboración entre os departamentos de orientación e os orientadores laborais no marco do Plan Galego de Formación Profesional.
- Colaborar cos centros da provincia na organización de xornadas de orientación académico-profesional para dar a coñece-la oferta formativa e as perspectivas de inserción laboral
- Planificar actuacións cos centros que ofertan ensinanzas de adultos para fomenta-lo interese pola formación ó longo da vida, dedicando especial atención a aqueles que teñan máis dificultades de inserción sociolaboral.

#### **4.- Seguimento e avaliación.**

O seguimento e avaliación dos plans anuais dos servizos de orientación farase en relación ós criterios de avaliación neles establecidos. Serán indicadores, entre outros, o grao de cumprimento das liñas prioritarias aquí establecidas, dos acordos establecidos nas diferentes reunións que se celebran ó longo do curso académico, dos acordos reflectidos nas actas das reunións, así como a autovaloración do propio traballo e a análise do grao de satisfacción dos usuarios.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e propostas de mellora que deberían incorporarse ó plan do curso seguinte.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Centros e Ordenación  
Educativa

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542

A través do servizo de inspección educativa a Administración realizará o seguimento das accións dos servizos de orientación co fin de valora-la consecución dos obxectivos e introducir as modificacións que, de se-lo caso, se consideren oportunas.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2003

*O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E  
ORDENACIÓN EDUCATIVA*

*A DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN E  
PROFESIONAL E ENSEÑANZAS ESPECIAIS*

Asdo.: Alberto González Armesto

Asdo.: M<sup>a</sup> Pilar del Mar Pérez Marsó